

I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

Secretaría Xeral da Igualdade
(Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN	3
<hr/>	
2 CONTEXTUALIZACIÓN	5
<hr/>	
2.1 Ámbito de actuación, obxectivos principais e principios inspiradores	5
<hr/>	
2.2 Marco normativo	7
<hr/>	
3 ESTRUTURA DO PLAN	16
<hr/>	
4 SEGUIMIENTO E SISTEMA DE AVALIACIÓN	43
<hr/>	
5 MEMORIA ECONÓMICA	49
<hr/>	
ANEXO I: MARCO LEGAL	50
<hr/>	
ANEXO II: MARCO CONCEPTUAL	51



1 | INTRODUCCIÓN

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas.

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios e nas universidades é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.



É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar un plan específico de Igualdade no ámbito educativo que sirva de referente a todos os centros educativos co fin de abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recollan de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas a alumnado, profesorado e equipos de orientación.

A Comunidade Autónoma de Galicia e a Administración educativa amosa, coa publicación deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia, o seu compromiso coa igualdade de oportunidades e de xénero coa finalidade de promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual o feminino e o masculino. O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuizos e estereotipos.



2 | CONTEXTUALIZACIÓN

2.1 Ámbito de actuación, obxectivos principais e principios inspiradores

O Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia é un proxecto xurdido da cooperación entre os órganos superiores da Xunta de Galicia con competencias en materia de educación e igualdade, que ten como obxectivo xeral principal que a actividade educativa estea dirixida de xeito transversal a contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

O Plan diríxese en primeiro lugar a toda a comunidade educativa non universitaria de tal xeito que se pretende involucrar os preto de 1400 centros existentes actualmente en Galicia, a todo o profesorado, persoal de administración e servizos, e a nais, pais e demais persoas que son responsables do principal colectivo destinatario da coeducación, o alumnado, que en Galicia supera as 380.000 persoas.

Na aplicación deste plan resulta de especial importancia a colaboración e o apoio dos departamentos de orientación dos centros educativos xunto co resto do profesorado, como recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa en termos de igualdade, por ter entre as súas funcións asesorar e poñer á disposición de cada comunidade educativa aqueles medios ou recursos necesarios para a atención á diversidade. Ademais, tamén constitúen un recurso clave de apoio ao alumnado por prestar atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, guiándoo e asesorándoo nos distintos itinerarios formativos, na elección de materias, así como nas competencias para a empregabilidade, constituíndo un elemento esencial nas políticas educativas e de emprego, orientando ao alumnado na xestión da súa aprendizaxe e na súa traxectoria individual.

O Plan non se limita a un segmento da poboación encadrado na comunidade educativa, o seu obxectivo resulta moito máis ambicioso, xa que, sendo a educación unha das canles con máis importancia para a transmisión de valores, preténdese que mediante esa vía se leve a cabo unha verdadeira transformación social na que o xénero non sexa un motivo de discriminación e facendo especial fincapé no grave problema social da violencia de



xénero, que, como forma extrema de desigualdade, require que sexa tratado dende o ámbito educativo coa finalidade de que se difunda, dende os primeiros anos de escolarización, unha educación que promova o respecto e a igualdade co obxectivo de que esa lacra social poida algún día desaparecer da nosa sociedade.

Outra das finalidades deste Plan é a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade como predominante.

Para a construción da igualdade na sociedade é preciso que se constrúa unha reflexión global importante sobre que se ensina, como se ensina e o tipo de sociedade á que nos diriximos. Na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas e polo tanto favorecendo que a sociedade do futuro sexa máis igualitaria.

Tamén é preciso procurar formación en igualdade e a reflexión entre o profesorado galego sobre a transmisión de estereotipos de xénero no ámbito escolar e favorecer a toma de conciencia das demais persoas que integran a comunidade educativa para reverter toda situación discriminatoria que poida ter lugar neste ámbito.

Na dimensión da educación como formación profesional débese ter en conta tamén que a transmisión dende a educación duns valores sociais e culturais tradicionais nos que se outorgan determinadas cualidades e expectativas como “propias” de cada sexo, e asociadas á condición de ser muller ou ser home, segue sendo determinante na elección académica que as rapazas e os rapaces realizan, o que orixina unha división do traballo sexuada que é preciso reverter.


Por outra parte é preciso que en todos os ámbitos da educación se faga énfase na necesidade de camiñar cara á corresponsabilidade en todos os ámbitos, de tal xeito que se modifiquen os patróns de conduta adquiridos pola tradición familiar e social que crearon etiquetas para as distintas tarefas en función do sexo.

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación:

- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.



- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- **Inclusión e integración da diversidade.** A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.



2.2 Marco normativo

O desexo de construción dunha sociedade igualitaria por razón de xénero non nace só da vontade das autoridades públicas, senón que ademais ten un marco normativo, tanto estatal como autonómico, no que se ampara. Máis alá do principio lexislativo de transversalidade, que obriga a que a que o obxectivo da igualdade de xénero estea

presente en todas as políticas públicas e na acción administrativa, no caso concreto da educación, o lexislador asume a súa importancia estratéxica para a consecución da igualdade.

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal.

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a *Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015* considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

ÁMBITO ESTATAL

No ámbito estatal o preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.



Deste xeito, calquera órgano con competencias relacionadas coa educación pode exercer unha importante influencia en cuestións que atinxen á consecución da igualdade de xénero.

O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación “**o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero**”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “**educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)**”.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes establece:



Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.

O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.



Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

1. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:

- A. A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.



- B. A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.
- C. A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- D. A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- E. A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- F. O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia".

ÁMBITO AUTONÓMICO

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Así, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:



Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

- A. A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

- B. O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
 - C. A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.
 - D. O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.
 - E. A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.
2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.



Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas".

Por outra parte o artigo 19 refírese á **integración da igualdade na formación profesional** dispoñendo:



"No desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres".

Tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos. Tamén os decretos aprobados nos últimos anos que regulan cada currículo de ciclos formativos e as ensinanzas especiais teñen como denominador común a presenza deste obxectivo.

Do mesmo xeito, a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero, cuxa efectividade acadada especial importancia en momentos, nos que este problema, de primeira magnitude en todo o Estado, segue presente e incluso con lamentables incrementos, para o cal tamén se debe considerar, tendo en conta que estamos referíndonos ao ámbito educativo, a persistencia de patróns de comportamento de dominación do home sobre a muller nas xeracións máis novas, tal como indican os últimos estudos oficiais, crebando tendencias que se cría que estaban en diminución.

Con respecto á integración da diversidade sexual débese ter en conta o establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:





Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos

A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei.

Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.



Artigo 23. Actitudes

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.



Artigo 24. Formación do persoal docente

Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporárase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito.



Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA

A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.



Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade

1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.
2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais".

Por outra parte o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos “prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual”. Así mesmo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato inclúe entre os seus elementos transversais evitar “os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a **integración do principio de igualdade entre mulleres e homes**, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así pois, entre os **principios informadores e fins das normas de convivencia** recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Indica que a



comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, será tamén un **principio que deberá rexer a composición da comisión de convivencia**, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

Entre os **obxectivos xerais do plan de convivencia** sinálase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no **fomento da igualdade entre homes e mulleres**. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da **violencia de xénero** e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as **actuacións formativas**, nos **programas** relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas **medidas complementarias** para a mellora da convivencia e nas **medidas correctoras** das condutas gravemente prexudiciais.



3 | ESTRUCTURA DO PLAN

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia pon a coeducación e a convivencia escolar na axenda da Administración educativa para o período 2016-2020. De acordo co marco legal e coa finalidade de dar resposta aos retos que en materia de igualdade e de prevención de violencia de xénero ten o sistema educativo na actualidade, este I Plan estrutúrase en 6 eixes de actuación subdivididos en obxectivos e medidas de actuación.

- **Eixe 1.** O propósito deste eixe é afondar no modelo coeducativo e introducir a perspectiva de xénero nas súas dinámicas, tendo como obxectivos destacados garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa dos centros educativos, visibilizando boas prácticas e intensificando a formación do profesorado para o tratamento da diversidade de xénero e afectivo sexual, entre outros. Estrutúrase en 5 obxectivos e comprende un total de **18** medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.
- **Eixe 2.** Este eixe ten coma finalidade fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opción. Un dos obxectivos máis destacados é a creación dunha materia de libre configuración autonómica no ámbito da igualdade, que permite dar o primeiro paso para a abordaxe dunha estratexia coeducativa nos centros. Ademais incídese na participación dos distintos axentes sociais como apoio e complemento que permitan visibilizar a diversidade social. Estrutúrase en 6 obxectivos e comprende un total de **17** medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.
- **Eixe 3.** Os obxectivos deste eixe están orientados a integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar, a través da formación, das Escolas de Nais



e Pais e proporcionando modelos profesionais vitais e diversos que rompan cos roles de xénero e favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva. Estrutúrase en 4 obxectivos e comprende un total de **16** medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.

- **Eixe 4.** O eixe 4 aborda a educación dende a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, coa finalidade de acadar unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva, establecendo ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia na comunidade educativa, elaborando materiais para a abordaxe da educación afectiva e sexual e colaborando cos axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe da saúde afectivo-sexual. Estrutúrase en 3 obxectivos e comprende un total de **11** medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.
- **Eixe 5.** O eixe 5 oriéntase a como traballar nos centros educativos as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer unhas relacións positivas e pacíficas para todos os membros da comunidade, facilitando orientacións para a adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan previr e detectar condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero e realizando actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa. Estrutúrase en 4 obxectivos e comprende un total de **13** medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.
- **Eixe 6.** No eixe 6 a finalidade fundamental é abordar a detección precoz e proporcionar unha resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e a outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple (diversidade funcional, étnica, de procedencia, etc), elaborando programas coeducativos enfocados ao traballo de aula das relacións persoais, afectivas e sexuais coa fin de identificar as condutas prexudiciais, elaborando protocolos de actuación para dar



resposta ás necesidades dos centros e apoiando ao alumnado vítima de violencia de xénero traballando en coordinación con servizos sociais e as institucións autonómicas correspondentes. Estrutúrase en 6 obxectivos e comprende un total de **12** medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.

A continuación, exponse a modo de resumo, un gráfico no que se poden visualizar os seis eixes ou piares fundamentais nos que se sustenta o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia así como un cadro de resumo dos obxectivos contidos en cada un dos eixes de intervención.



PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A IGUALDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA

EIXE 1

Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

EIXE 2

Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

EIXE 3

Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).

EIXE 4

Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

EIXE 5

Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

EIXE 6

Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.



	OBXECTIVOS
<p>EIXE 1</p> <p>Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas</p>	<p>1.1. Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa dos centros educativos.</p>
	<p>1.2. Facilitar o desenvolvemento do traballo en rede e visibilizar as boas prácticas coeducativas dos centros de ensino, especialmente no que se refire á conciliación e á corresponsabilidade.</p>
	<p>1.3. Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos</p>
	<p>1.4. Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.</p>
	<p>1.5. Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.</p>

	OBXECTIVOS
<p>EIXE 2</p> <p>Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións</p>	<p>2.1 Adaptación de materiais de apoio e orientacións para afondar no desenvolvemento da competencia social e cidadá desde a igualdade e non discriminación.</p>
	<p>2.2 Visibilizar as boas prácticas coeducativas dos centros de ensino.</p>
	<p>2.3. Achegas de disposicións curriculares en materias de libre configuración ou de oferta autonómica nas distintas etapas educativas.</p>
	<p>2.4. Posta a disposición dos centros de recursos, estratexias, metodoloxías, materiais, encamiñados a crear espazos e tempos de convivencia non estruturados (recreos, entradas e saídas, comedores escolares, clubs de lectura, etc) libres de roles de xénero.</p>
	<p>2.5. Participación de axentes sociais diversos nos proxectos coeducativos como apoio e complemento que permita visibilizar a diversidade social.</p>
	<p>2.6. Actuacións de sensibilización dirixidas á comunidade educativa e difusión das boas prácticas realizadas polos centros de ensino no marco deste plan.</p>



EIXE 3

Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística...)

OBXECTIVOS

- 3.1 Visibilización de roles non marcados na orientación educativa e profesional.
- 3.2 Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva
- 3.3 Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado, tanto de educación primaria e secundaria como de Formación Profesional, unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.
- 3.4 Formación, a través das Escolas de Nais e Pais e doutros axentes socio-educativos relacionados, da necesidade de potenciar os talentos persoais como referentes en todos os ámbitos en pé de igualdade.

EIXE 4

Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva

OBXECTIVOS

- 4.1 Establecemento de ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas.
- 4.2 Elaboración e posta a disposición dos centros educativos de todos os niveis de materiais e orientacións para a abordaxe da educación afectiva e sexual desde o respecto á diversidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude.
- 4.3 Colaboración con axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todas as persoas destinatarias da comunidade educativa galega, independentemente do nivel e réxime de escolarización.



<p>EIXE 5</p> <p>Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade</p>	<p style="text-align: center;">OBXECTIVOS</p> <p>5.1. Fornecemento de programas e materiais sobre a socialización preventiva da violencia de xénero baseados en evidencias científicas.</p> <p>5.2. Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).</p> <p>5.3. Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización cibernéticos (redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc).</p> <p>5.4. Investigación e orientacións derivadas dela, en materia convivencia no que respecta á diversidade de xénero e afectivo, sexual, así como á igualdade e non discriminación.</p>
--	--

<p>EIXE 6</p> <p>Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple (diversidade funcional, étnica, de procedencia, etc)</p>	<p style="text-align: center;">OBXECTIVOS</p> <p>6.1. Elaboración de programas educativos enfocados ao traballo de aula das relacións persoais, afectivas e sexuais co fin de identificar as condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais tóxicas e de sometemento.</p> <p>6.2. Elaboración de protocolos de actuación para dar resposta ás necesidades dos centros (prevención, identificación, atención, denuncia) co fin de atender as súas realidades.</p> <p>6.3. Correlación con outros programas e protocolos en materia de diversidade e convivencia, tanto dentro da propia CCEOU como con outros axentes socio-educativos, sanitarios e de benestar.</p> <p>6.4. Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en coordinación con servizos sociais e con xustiza.</p> <p>6.5. Orientacións para favorecer a non-discriminación e a eliminación de estereotipos na reforma e creación de novos espazos: perspectiva de xénero na organización e no aproveitamento dos espazos.</p> <p>6.6. Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes... que actúen a favor dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.</p>
--	---



Eixe 1.

AFONDAR NO MODELO DE COEDUCACIÓN E INTRODUCIR A PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS DINÁMICAS EDUCATIVAS.

Obxectivo 1.1.

1.1. Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa dos centros educativos.

Medidas

- M1. Elaborar orientacións para a valoración de **materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero.
- M2. **Revisar materiais didácticos** vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- M3. **Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.
- M4. **Elaborar unha publicación divulgativa** para o profesorado para difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M5. **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M6. Fornecer **pautas para a revisión dos documentos internos** do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M9. Incluir a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de **formación inicial do novo persoal funcionario docente**.

Obxectivo 1.2.

1.2. Facilitar o desenvolvemento do traballo en rede e visibilizar as boas prácticas coeducativas dos centros de ensino, especialmente no que se refire á conciliación e á corresponsabilidade.

Medidas

- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M10. Fomentar a **oferta de actividades formativas** no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- M13. Impulsar a formación e **participación das familias** a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.
- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuizos.

Obxectivo 1.3.

1.3. Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.

Medidas

- M1. Elaborar orientacións para a valoración de **materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero.
- M2. **Revisar materiais didácticos** vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- M3. **Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.



- M4. **Elaborar unha publicación divulgativa** para o profesorado para difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M8. Realizar accións formativas sobre **materiais** didácticos **coeducativos**.
- M24. Configurar e xestionar **maletas viaxeiras** para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

Obxectivo 1.4.

1.4. Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.

Medidas

- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M6. Fornecer **pautas para a revisión dos documentos internos** do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables en caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M8. Realizar accións formativas sobre **materiais** didácticos **coeducativos**.
- M9. Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de **formación inicial do novo persoal funcionario docente**.
- M10. Fomentar a **oferta de actividades formativas** no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- M11. **Identificar os cursos** relacionados con **igualdade** e coa **violencia de xénero** na oferta formativa do profesorado.



- M12. Constituir **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.

Obxectivo 1.5.

1.5. Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.

Medidas

- M5. **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M6. Fornecer **pautas para a revisión dos documentos internos** do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables en caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M8. Realizar accións formativas sobre **materiais didácticos coeducativos**.
- M12. Constituir **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M13. Impulsar a formación e **participación das familias** a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.
- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- M15. Favorecer a implicación das familias nos **programas de innovación educativa** que están a traballar no ámbito da igualdade.
- M16. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa **actividade deportiva** co fin de afondar na inclusión da muller.



Eixe 2.

FOMENTAR DINÁMICAS EDUCATIVAS LIBRES DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO, FAVORECENDO QUE O ALUMNADO POIDA DESENVOLVER O SEU PROXECTO VITAL SEN CONDICIONAMENTOS, DESDE A LIBERDADE E DIVERSIDADE DE OPCÍONS.

Obxectivo 2.1.

2.1 Adaptación de materiais de apoio e orientacións para afondar no desenvolvemento da competencia social e cidadá desde a igualdade e non discriminación.

Medidas

- M1. Elaborar orientacións para a valoración de **materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero.
- M2. **Revisar materiais didácticos** vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- M3. **Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.
- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M5. **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M6. Fornecer **pautas para a revisión dos documentos internos** do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables en caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.

Obxectivo 2.2.

2.2 Visibilizar as boas prácticas coeducativas dos centros de ensino.



Medidas

- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M8. Realizar accións formativas sobre **materiais didácticos coeducativos**.
- M10. Fomentar a **oferta de actividades formativas** no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- M13. Impulsar a formación e **participación das familias** a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.
- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuizos.

Obxectivo 2.3.

2.3. Achegas de disposicións curriculares en materias de libre configuración ou de oferta autonómica nas distintas etapas educativas.

Medidas

- M18. Ofertar unha **materia de libre configuración autonómica** para abordar a perspectiva de xénero na ESO e iniciar a análise para a súa inclusión na etapa de bacharelato.
- M19. Impulsar un **ciclo formativo superior** para incluír a perspectiva de xénero na FP.
- M20. Establecer un **grupo interdisciplinario** para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo



Obxectivo 2.4.

2.4. Posta á disposición dos centros de recursos, estratexias, metodoloxías, materiais, encamiñados a crear espazos e tempos de convivencia non estruturados (recreos, entradas e saídas, comedores escolares, clubs de lectura, etc.) libres de roles de xénero.

Medidas

- M5. **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M6. Fornecer **pautas para a revisión dos documentos internos** do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables en caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M24. Configurar e xestionar **maletas viaxeiras** para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

Obxectivo 2.5.

2.5. Participación de axentes sociais diversos nos proxectos coeducativos como apoio e complemento que permita visibilizar a diversidade social.

Medidas

- M5. **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M8. Realizar accións formativas sobre **materiais didácticos coeducativos**.
- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.



- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.

Obxectivo 2.6.

2.6. Actuacións de sensibilización dirixidas á comunidade educativa e difusión das boas prácticas realizadas polos centros de ensino no marco deste plan.

Medidas

- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M8. Realizar accións formativas sobre **materiais didácticos coeducativos**.
- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuizos.



Eixe 3.

INTEGRAR A PERSPECTIVA DE XÉNERO NO TRABALLO CARA AO ÉXITO ESCOLAR E GARANTIR QUE A FORMACIÓN INICIAL E AO LONGO DA VIDA, ACOLLE A TODO O ALUMNADO NA SÚA DIVERSIDADE (ÉTNICA, CULTURAL, SOCIAL, ECONÓMICA, FUNCIONAL, SEXUAL, DE XÉNERO, LINGÜÍSTICA...).

Obxectivo 3.1.

3.1 Visibilización de roles non marcados na orientación educativa e profesional.

Medidas

- M1. Elaborar orientacións para a valoración de **materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero..
- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M9. Incluír a perspectiva de xénero e do principio de igualdade no curso de **formación inicial do novo persoal funcionario docente**
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuizos.

Obxectivo 3.2.

3.2 Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva

Medidas

- M15. Favorecer a implicación das familias nos **programas de innovación educativa** que están a traballar no ámbito da igualdade.



- M16. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa **actividade deportiva** co fin de afondar na inclusión da muller.
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.
- M23. Elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en **intervencións sociocomunitarias**.
- M27. Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.

Obxectivo 3.3.

3.3 Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado, tanto de educación primaria e secundaria como de Formación Profesional, unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.

Medidas

- M5. **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M16. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa **actividade deportiva** co fin de afondar na inclusión da muller.
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.
- M23. Elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en **intervencións sociocomunitarias**



- M25. Promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino.
- M26. Realización de talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.

Obxectivo 3.4.

3.4 Formación, a través das Escolas de Nais e Pais e doutros axentes socio-educativos relacionados, da necesidade de potenciar os talentos persoais como referentes en todos os ámbitos en pé de igualdade.

Medidas

- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M13. Impulsar a formación e **participación das familias** a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.
- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- M15. Favorecer a implicación das familias nos **programas de innovación educativa** que están a traballar no ámbito da igualdade.
- M16. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa **actividade deportiva** co fin de afondar na inclusión da muller.



Eixe 4.

EDUCAR DESDE A DIVERSIDADE PARA UNHAS RELACIÓNS AFECTIVAS E SEXUAIS SAUDABLES E RESPECTUOSAS, E PARA UNHA CONVIVENCIA HARMÓNICA QUE INTEGRE A DIVERSIDADE DE XÉNERO, SEXUAL E AFECTIVA.

Obxectivo 4.1.

4.1 Establecemento de ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas.

Medidas

- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M5. **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M13. Impulsar a formación e **participación das familias** a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.
- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- M23. Elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en **intervencións sociocomunitarias**.



Obxectivo 4.2.

4.2 Elaboración e posta á disposición dos centros educativos de todos os niveis de materiais e orientacións para a abordaxe da educación afectiva e sexual desde o respecto á diversidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude.

Medidas

- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M24. Configurar e xestionar **maletas viaxeiras** para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

Obxectivo 4.3.

4.3 Colaboración con axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todas as persoas destinatarias da comunidade educativa galega, independentemente do nivel e réxime de escolarización.

Medidas

- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M21. Realizar unha guía básica de **detección precoz da violencia de xénero** que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.
- M22. Realizar un breve **protocolo de actuación** para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M24. Configurar e xestionar **maletas viaxeiras** para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.



Eixe 5.

TRABALLAR AS RELACIÓNS DE USO ABUSIVO DO PODER E A VIOLENCIA SISTÉMICA NO EXERCICIO DAS RELACIÓNS PERSOAIS, CO FIN DE VISIBILIZAR OS MECANISMOS QUE SUSTENTAN A VIOLENCIA DE XÉNERO, E FAVORECER RELACIÓNS PACÍFICAS E POSITIVAS PARA TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE.

Obxectivo 5.1.

5.1. Fornecemento de programas e materiais sobre a socialización preventiva da violencia de xénero baseados en evidencias científicas.

Medidas

- M1. Elaborar orientacións para a valoración de **materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero.
- M2. **Revisar materiais didácticos** vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- M3. **Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.
- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M21. Realizar unha guía básica de **detección precoz da violencia de xénero** que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.
- M22. Realizar un breve **protocolo de actuación** para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

Obxectivo 5.2.

5.2. Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).



Medidas

- M5. **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.
- M21. Realizar unha guía básica de **detección precoz da violencia de xénero** que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.
- M22. Realizar un breve **protocolo de actuación** para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M23. Elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en **intervencións sociocomunitarias**

Obxectivo 5.3.

5.3.Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización cibernéticos (redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc).

Medidas

- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M5. **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.



- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M13. Impulsar a formación e **participación das familias** a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.
- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.

Obxectivo 5.4.

5.4. Investigación e orientación derivadas dela, en materia convivencia no que respecta á diversidade de xénero e afectivo, sexual, así como á igualdade e non discriminación.

Medidas

- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.



Eixe 6.

ABORDAR A DETECCIÓN PRECOZ E RESPOSTA EFICAZ E SISTÉMICA Á VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS FORMAS DE ABUSO, DISCRIMINACIÓN E VIOLENCIA ASOCIADAS, CON ESPECIAL ATENCIÓN Á PREVENCIÓN E COMPENSACIÓN DE SITUACIÓNS DE DISCRIMINACIÓN MÚLTIPLE (DIVERSIDADE FUNCIONAL, ÉTNICA, DE PROCEDENCIA, ETC.).

Obxectivo 6.1.

6.1. Elaboración de programas educativos enfocados ao traballo de aula das relacións persoais, afectivas e sexuais co fin de identificar as condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais tóxicas e de sometemento.

Medidas

- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M21. Realizar unha guía básica de **detección precoz da violencia de xénero** que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.
- M24. Configurar e xestionar **maletas viaxeiras** para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

Obxectivo 6.2.

6.2. Elaboración de protocolos de actuación para dar resposta ás necesidades dos centros (prevención, identificación, atención, denuncia) co fin de atender as súas realidades.

Medidas

- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.



- M6. Fornecer **pautas para a revisión dos documentos internos** do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables en caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M21. Realizar unha guía básica de **detección precoz da violencia de xénero** que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.
- M22. Realizar un breve **protocolo de actuación** para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M24. Configurar e xestionar **maletas viaxeiras** para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

Obxectivo 6.3.

6.3. Correlación con outros programas e protocolos en materia de diversidade e convivencia, tanto dentro da propia CCEOU como con outros axentes socio-educativos, sanitarios e de benestar.

Medidas

- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M24. Configurar e xestionar **maletas viaxeiras** para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

Obxectivo 6.4.

6.4. Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarse en coordinación con servizos sociais e con xustiza.



Medidas

- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M21. Realizar unha guía básica de **detección precoz da violencia de xénero** que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.

Obxectivo 6.5.

6.5. Orientacións para favorecer a non-discriminación e a eliminación de estereotipos na reforma e creación de novos espazos: perspectiva de xénero na organización e no aproveitamento dos espazos.

Medidas

- M10. Fomentar a **oferta de actividades formativas** no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.

Obxectivo 6.6.

6.6. Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes... que actúen a favor dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.

Medidas

- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.



- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- M15. Favorecer a implicación das familias nos **programas de innovación educativa** que están a traballar no ámbito da igualdade.
- M16. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa **actividade deportiva** co fin de afondar na inclusión da muller.
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.
- M23. Elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en **intervencións sociocomunitarias**.



4 | SEGUIMIENTO E SISTEMA DE AVALIACIÓN

O horizonte temporal que comprende a vixencia deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia son os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020. Neste período e a través dun sistema de indicadores realizarase un seguimento das medidas previstas neste Plan o que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Nos cadros que se expoñen a continuación atópanse as medidas incluídas no plan cos seus correspondentes indicadores. Posto que cada unha das medidas pode estar comprendida en máis dun obxectivo, na última columna indícase o eixe e obxectivo nos que se aplica.



MEDIDAS	INDICADORES	EIXE E OBJECTIVO
M1. Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborada: si /non • Revisada: si/non 	Eixe 1: 1.1,1.3, Eixe 2: 2.1 Eixe 3: 3.1 Eixe 5: 5.1
M2. Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.	<ul style="list-style-type: none"> • Núm. de materias revisadas por curso 	Eixe 1: 1.1,1.3 Eixe 2: 2.1 Eixe 5: 5.1
M3. Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.	<ul style="list-style-type: none"> • Ligazóns en que se difunde • Difusión: [indicación da ligazón] 	Eixe 1: 1.1, 1.3 Eixe 2: 2.1 Eixe 5: 5.1
M4. Realizar publicacións divulgativas para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de publicacións: • Difusión: [indicación da ligazón] 	Eixe 1: 1.1,1.3,1.4 Eixe 2: 2.1,2.6 Eixe 3: 3.1 Eixe 4: 4.1,4.2 Eixe 5: 5.1,5.3 Eixe 6: 6.2, 6.6
M5. Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.	<ul style="list-style-type: none"> • Núm. de accións realizadas 	Eixe 1: 1.1,1.5 Eixe 2: 2.1,2.4,2.5 Eixe 3: 3.3 Eixe 4: 4.1 Eixe 5: 5.2,5.3
M6. Fornecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.	<ul style="list-style-type: none"> • Documento de pauta elaborado: si /non • Revisada: si/non 	Eixe 1: 1.1,1.4,1.5 Eixe 2: 2.1,2.4 Eixe 6: 6.2
M7. Crear un espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.	<ul style="list-style-type: none"> • Creado: si /non • Difusión: [indicación da ligazón] 	Eixe 1: 1.2,1.3,1.4,1.5 Eixe 2: 2.2, 2.4, 2.6 Eixe 3: 3.1,3.3,3.4 Eixe 4: 4.2 Eixe 5: 5.3



MEDIDAS	INDICADORES	EIXE E OBXECTIVO
M8. Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos .	<ul style="list-style-type: none"> ● N.º de accións únicas ● N.º de profesoras participantes ● N.º de profesores participantes ● N.º de accións realizadas dentro doutras máis xerais ● N.º de profesoras participantes ● N.º de profesores participantes 	<p>Eixe 1:1.3,1.4,1.5 E i x e 2: 2.2,2.5,2.6</p>
M9. Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de formación inicial do novo persoal funcionario docente .	<ul style="list-style-type: none"> ● Incluído: si/non ● N.º de profesoras participantes ● N.º de profesores participantes 	<p>Eixe 1:1.1,1.4 Eixe 3:3.1</p>
M10. Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.	<ul style="list-style-type: none"> ● N.º de accións únicas ● N.º de profesoras participantes ● N.º de profesores participantes ● N.º de accións realizadas dentro doutras máis xerais ● N.º de profesoras participantes ● N.º de profesores participantes 	<p>Eixe 1:1.2,1.4 Eixe 2: 2.2 Eixe 6: 6.5</p>
M11. Identificar os cursos relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado	<ul style="list-style-type: none"> ● Creación: si/non 	<p>Eixe 1:1.4</p>
M12. Constituír foros de debate e discusión interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.	<ul style="list-style-type: none"> ● N.º de accións ● N.º de mulleres participantes ● N.º de homes participantes ● N.º de alumnas participantes ● N.º de alumnos participantes ● N.º de profesoras participantes ● N.º de profesores participantes ● N.º de nais participantes ● N.º de pais participantes 	<p>Eixe 1:1.4,1.5 Eixe 2: 2.5 Eixe 3:3.3,3.4 Eixe 4:4.1,4.3 Eixe 5:5.2,5.3,5.4 Eixe 6: 6.3,6.5</p>



MEDIDAS	INDICADORES	EIXE E OBXECTIVO
<p>M13. Impulsar a formación e participación das familias a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • N.º de accións • N.º de nais participantes • N.º de pais participantes 	<p>Eixe 1: 1.2,1.5 Eixe 2: 2.2 Eixe 3: 3.4 Eixe 4: 4.1 Eixe 5: 5.3</p>
<p>M14. Constituír un encontro anual para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Creado: si /non • N.º de mulleres participantes • N.º de homes participantes • N.º de alumnas participantes • N.º de alumnos participantes • N.º de profesoras participantes • N.º de profesores participantes • N.º de nais participantes • N.º de pais participantes 	<p>Eixe 1: 1.2,1.5 Eixe 2: 2.2,2.5,2.6 Eixe 3: 3.4 Eixe 4: 4.1 Eixe 5: 5.3,5.4 Eixe 6: 6.6</p>
<p>M15. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa que están a traballar no ámbito da igualdade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Creado no programa A (“Donas de si”): si /non • Creado no programa B (“Por 365 días”): si /non • Creado no programa C (“Rapazas nas TIC”): si /non • Creado no programa D (“XXX”): si /non 	<p>Eixe 1:1.5 Eixe 3:3.2,3.4 Eixe 6:6.6</p>
<p>M16. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa actividade deportiva co fin de afondar na inclusión da muller.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Creado no programa A (“XXX”): si /non • Creado no programa B (“XXX”): si /non • Creado no programa C (“XXX”): si /non • Creado no programa D (“XXX”): si /non 	<p>Eixe 1: 1.5 Eixe 3: 3.2,3.3,3.4 Eixe 6: 6.6</p>
<p>M17. Identificar e difundir as boas prácticas e materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • N.º de materiais identificados 	<p>Eixe 1: 1.2 Eixe 2: 2.1,2.2,2.6 Eixe 3: 3.1,3.2,3.3 Eixe 5: 5.2,5.4 Eixe 6: 6.6</p>



MEDIDAS	INDICADORES	EIXE E OBXECTIVO
M18. Ofertar unha materia de libre configuración autonómica para abordar a perspectiva de xénero na ESO e iniciar a análise para a súa inclusión na etapa de bacharelato.	<ul style="list-style-type: none"> ● Publicada: si /non ● N.º de centros que a imparten ● N.º de alumnas matriculadas ● N.º de alumnos matriculados 	Eixe 2: 2.3
M19. Impulsar un ciclo formativo superior para incluír a perspectiva de xénero na FP.	<ul style="list-style-type: none"> ● Explorada a súa posibilidade de oferta: si/non ● Publicado: si /non ● N.º de centros que a imparten ● N.º de alumnas matriculadas ● N.º de alumnos matriculados 	Eixe 2: 2.3
M20. Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo	<ul style="list-style-type: none"> ● Creado: si /non ● N.º de informes/documentos/ actas... 	Eixe 2: 2.3
M21. Realizar unha guía básica de detección precoz da violencia de xénero que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.	<ul style="list-style-type: none"> ● Creado: si /non ● Difusión: [indicación da ligazón] 	Eixe 4: 4.3 Eixe 5: 5.1,5.2,5.3 Eixe 6: 6.1,6.2
M22. Realizar un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.	<ul style="list-style-type: none"> ● Creado: si /non ● Difusión: [indicación da ligazón] 	Eixe 4: 4.3, Eixe 5: 5.1,5.2,5.3 Eixe 6: 6.1,6.2
M23. Elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en intervencións sociocomunitarias .	<ul style="list-style-type: none"> ● Creado: si /non ● N.º de centros participantes ● N.º de alumnas participantes ● N.º de alumnos participantes 	Eixe 3: 3.2,3.3 Eixe 4: 4.1 Eixe 5: 5.2 Eixe 6: 6.6
M24. Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.	<ul style="list-style-type: none"> ● Creado: si /non ● N.º de recursos que inclúe ● N.º de solicitudes de centros educativos 	Eixe 1: 1.3 Eixe 2: 2.4 Eixe 4: 4.2,4.3 Eixe 5: 5.3 Eixe 6: 6.2,6.3



MEDIDAS	INDICADORES	EIXE E OBXECTIVO
<p>M25. Promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● N° de talleres/actividades educativas realizadas ● N° de alumnas e alumnos participantes ● % de alumnas participantes 	<p>Eixe 3: 3.3</p>
<p>M26. Realización de talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● N° de talleres/actividades educativas realizadas ● N° de alumnas e alumnos participantes ● % de alumnas participantes 	<p>Eixe 3: 3.3</p>
<p>M27. Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● N° de accións realizadas en centros educativos para promover a imaxe das mulleres ● N° de alumnas e alumnos participantes ● % de alumnas participantes 	<p>Eixe 3:3.2</p>



5 | MEMORIA ECONÓMICA

As medidas contidas no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia implican custos imputables a gasto ordinario tanto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como da Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), por este motivo non é posible establecer unha cuantificación singularizada dos recursos económicos de ambas consellerías destinados á execución do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia, ao formar parte este Plan, pola súa propia finalidade, das competencias propias dos dous departamentos.

Entre estes custos, que se realizarán con persoal e medios propios dos dous departamentos, pódense sinalar os seguintes:

- A. Elaboración de materiais, asesoramento e orientación así como achegar ferramentas de utilidade para que os centros educativos dispoñan de recursos para coeducar. O material achegado polos departamentos responsables de executar este Plan atoparase dispoñible nas páxinas web de ambos os dous departamentos e na plataforma de uso habitual polo profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- B. Formación do profesorado e alumnado dos centros educativos. Na súa maior parte, esta formación estará incluída nas actividades levadas a cabo no Plan Anual de Formación do Profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Incidirase na formación en coeducación, mediante estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo, en orientación, con especial atención na construción de identidades libres de estereotipos de xénero así como na diversidade afectiva e sexual, sen esquecer a problemática da violencia de xénero no ámbito educativo.



Anexo I: Marco Legal

Normativa estatal

- Constitución española de 1978
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

Normativa autonómica

- Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia



Anexo II: Marco Conceptual

A continuación expone unha relación dos principais termos en materia de igualdade que pretenden ser de utilidade para o profesorado dos centros educativos así como para todas aquelas persoas que leven a cabo as medidas recollidas neste Plan.

ACCIÓN POSITIVA: co efecto de promocionar a igualdade entre mulleres e homes, non se considerarán discriminatorias as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen que, en ningún caso, estas medidas poidan supoñer, como consecuencia práctica, o mantemento de regulacións separadas. As medidas de acción positiva manteranse mentres non estean plenamente acadados os obxectivos de igualdade de oportunidades.

ACOSO MORAL POR RAZÓN DE XÉNERO: a situación en que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo ou xénero dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

ACOSO SEXUAL: a situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

COEDUCACIÓN: método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta e cuxas bases se fundamentan no recoñecemento das potencialidades e individualidades das nenas e nenos, independentemente do seu sexo. A coeducación é, polo tanto, educar dende a igualdade de valores, oportunidades e trato ás persoas.

CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL: creación dunha estrutura e organización da contorna laboral que facilite a mulleres e a homes a combinación do traballo, as responsabilidades familiares e a vida persoal.

CORRESPONSABILIDADE: repartición equitativa das responsabilidades domésticas e do coidado das persoas entre mulleres e homes. No reparto dos cuidados é imprescindible que o tempo adicado á crianza das fillas e fillos por parte das persoas proxenitoras sexa igual. O significado da corresponsabilidade social ten como obxectivo aumentar a



implicación das persoas na repartición das responsabilidades domésticas e familiares, especialmente dos homes, para estenderse a outros axentes sociais e instancias públicas e privadas.

DISCRIMINACIÓN: o concepto de discriminación incluírá: a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual, así como calquera trato menos favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a el. b) A orde de discriminar persoas por razón do seu sexo ou xénero. c) O trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou permisos relacionados coa maternidade.

DISCRIMINACIÓN DIRECTA: a situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo ou xénero de maneira menos favorable que outra en situación comparable.

DISCRIMINACIÓN INDIRECTA: a situación en que unha disposición, un criterio ou unha práctica aparentemente neutros sitúan persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, agás que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.

EMPODERAMENTO: termo empregado na IV Conferencia Mundial das Mulleres para referirse ao aumento da participación feminina nos procesos de toma de decisión e acceso ao poder. Inclúe o fortalecemento da súa posición social, económica e política e busca reducir ou eliminar as relacións de poder entre os sexos.

ESTEREOTIPO DE XÉNERO: fai referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes. Estas ideas, fixas, asúmense como naturais e serven para clasificar as persoas sen ter en conta as súas realidades individuais polo que se establece un modelo do feminino e do masculino nun contexto dado e se normativiza ou categoriza os membros da sociedade de acordo con iso.

FEMINISMO: movemento que procura a Igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida.

FENDA DE XÉNERO: é a diferenza entre as taxas masculina e feminina na categoría dunha variable producida pola desigualdade de xénero. As máis coñecidas son:



- **FENDA SALARIAL:** diferenza relativa que existe na medida dos ingresos brutos por hora, de mulleres e homes en todos os sectores da economía.
- **FENDA DIXITAL:** diferenza no acceso e no uso das tecnoloxías da información. Fálase de 1ª fenda dixital cando se trata do acceso, 2ª fenda dixital cando se analiza o uso e a intensidade das TIC e de 3ª fenda dixital cando nos referimos a aspectos máis cualitativos como son o uso diferencial de servizos avanzados.

HOMOFOBIA: aversión, odio, medo, prexuízo ou discriminación contra mulleres ou homes homosexuais, bisexuais ou transexuais.

IDENTIDADE SEXUAL: autodefinición que a persoa fai de si mesma como pertencente a un sexo.

IDENTIDADE DE XÉNERO: autodefinición da persoa como pertencente a un dos xéneros establecidos culturalmente. Grao de asunción dos comportamentos, actitudes, etc., asociados ao devandito xénero.

IGUALDADE: en coeducación, enténdese como igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas, independentemente do sexo ou xénero ao que pertencen.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES: fundamentado no principio de Igualdade, refírese á necesidade de corrixir as desigualdades que existen entre mulleres e homes na sociedade. Constitúe a garantía de que mulleres e homes poidan participar en diferentes esferas (económica, política, participación social, de toma de decisións...) e actividades (educación, formación, emprego...) sobre bases de igualdade.

IGUALDADE DE TRATO: a igualdade de trato presupón o dereito ás mesmas condicións sociais, de seguridade, remuneracións e condicións de traballo, tanto para mulleres como para homes.

INTERSEXUAL: termo xeral que se emprega para referirse a unha variedade de condicións nas que unha persoa nace cunha variación nas características sexuais (anatomía sexual, órganos reprodutivos e/ou mapa cromosómico) que non encaixa nas definicións pechadas de home ou muller. Pode ser algo patente no nacemento ou pode descubrirse ao longo da vida.

INVISIBILIZACIÓN: proceso polo que certas persoas, acontecementos, actitudes e comportamentos pasan desapercibidos pola interiorización dos patróns culturais nos que se está inmerso.



LINGUAXE INCLUSIVA: é aquela que fai visible a existencia dos sexos, utilizando diversas fórmulas para fomentar unha visión do mundo na que se inclúan mulleres e homes. É unha linguaxe completamente correcta desde unha perspectiva gramatical, que busca superar o sexismo lingüístico e o androcentrismo.

LINGUAXE SEXISTA: uso da linguaxe que fomenta a discriminación das mulleres, é dicir, utiliza o masculino como xénero gramatical que inclúe o feminino, invisibilizando as mulleres.

MICROMACHISMO: comportamento ou expresión “invisible ou de escasa visibilidade” da violencia e dominación, que con frecuencia, algúns homes realizan no ámbito das súas relacións.

MACHISMO: conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento dunha situación discriminatoria contra as mulleres e contra todas as persoas que non asumen o patrón masculino socialmente dominante.

ORIENTACIÓN SEXUAL: é a atracción emocional ou sexual que se sente cara outra persoa. Se a atracción é cara alguén do mesmo sexo, falamos de homosexualidade; cara a unha persoa de diferente sexo, é heterosexualidade, e atracción por persoas de ambos os sexos é chamada bisexualidade.

PATRIARCADO: sistema familiar, social, ideolóxico, político e económico caracterizado polo dominio do home nos diferentes ámbitos.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: enfoque que ten en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito co obxectivo de acadar unha igualdade real e efectiva..

ROLES DE XÉNERO: conxunto de papeis e expectativas diferentes para mulleres e homes que marcan a diferenza respecto a como ser, como sentir e como actuar. Estes roles son asignados pola sociedade na que vivimos e, como consecuencia diso, as persoas desenvólvense como mulleres ou coma homes identificándose cos roles que polo seu sexo lles foron asignados.

SEGREGACIÓN LABORAL DAS MULLERES: refírese á concentración das mulleres en determinadas ocupacións e/ou familias profesionais que, xeralmente, caracterízanse por ter condicións de emprego pouco satisfactorias, baixos salarios e poucas oportunidades de formación continua e adquisición de cualificacións engadidas. A segregación pode ser horizontal, cando a concentración se produce en determinadas ocupacións/familias



profesionais; e vertical, cando as mulleres se concentran en postos de baixa responsabilidade.

SEXISMO: actitudes que inciden, favorecen e perpetúan a desigualdade por razón de sexo e/ou xénero.

SEXO: conxunto de diferenzas biolóxicas (anatómicas e fisiolóxicas) entre homes, mulleres e intersexuais.

SOCIALIZACIÓN: proceso de interiorización de valores e comportamentos provenientes da contorna no que a muller e o home viven, chegando a asumilos como propios e naturais.

TEITO DE CRISTAL: fai referencia á barreira invisible que impide ás mulleres o mantemento ou o progreso na súa carreira profesional. É unha forma de discriminación indirecta que obstaculiza a promoción das mulleres. Entre os principais factores que manteñen o «teito de cristal» destacan os relativos a aspectos externos e interactivos como a cultura organizacional e as responsabilidades domésticas e familiares. Por tanto o «teito de cristal» está formado por unha superficie superior invisible na carreira laboral e social das mulleres, difícil de traspasar, que as impide seguir avanzando.

TOLERANCIA CERO: resolución formulada polo Parlamento Europeo en 1997, que ten como obxectivo modificar as actitudes na sociedade, de maneira que, baixo ningún concepto, se tolere ou permita a violencia contra as mulleres a nivel individual, colectivo e institucional.

TRANSEXUALIDADE: caracterízase por presentar unha discordancia entre a identidade de xénero e o sexo biolóxico.

TRANSVERSALIDADE: en coeducación, supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten, directa ou indirectamente, a comunidade educativa.

TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO: integración sistemática das situacións, prioridades e necesidades das mulleres e homes, respectivamente, en todas as políticas e actividades, con vistas a promover a igualdade entre ambos os dous xéneros. Implica dar prioridade ao criterio de xénero en todo o que se leve a cabo.

VIOLENCIA MACHISTA: é o conxunto de actitudes activas ou pasivas polas que se exerce unha violencia física, psíquica, sexual, emocional e social que trata de impor o conxunto de crenzas, estereotipos e relacións de dominación baseadas no ideario



machista e patriarcal. Este concepto inclúe a violencia de xénero e outras manifestacións de intolerancia e de dominación como a homofobia ou a aversión ás persoas que non actúan conforme aos roles que se lle presupoñen socialmente asignados ao seu sexo e xénero.

VIOLENCIA DE XÉNERO: termo acuñado na Conferencia Mundial sobre a muller en Pequín (1995) e que se define como todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade para as mulleres e as súas fillas e fillos menores, xa se produza na vida pública ou na privada.

XÉNERO: construción cultural segundo a cal se lles asigna ás persoas determinados papeis, ocupacións, expectativas, comportamentos e valores por razón do seu sexo.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral de Igualdade



I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

Secretaría Xeral da Igualdade

(Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



**XUNTA
DE GALICIA**

